

# Tema ABAU - Tema 10

## ► Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española:

- As explotacións agrarias
- Técnicas e sistemas agrarios
- Política Agrícola Común



# Prácticos ABAU - Tema 10

- Comentario dunha paisaxe agraria española: atlántica, mediterránea e de interior (dominio climático, relevo, estrutura da propiedade, tipo de aproveitamento, poboamento, etc...)
- Mapa de espazos pesqueiros (rexións e caladoiros).



# Conceptos ABAU - Tema 10

**Acuicultura** (páx 190)

**Agricultura ecolóxica** (páx 179)

**Denominación de orixe** (páx 177)

**Desagrarización** (páx 147)

**Explotación intensiva** (páx 150)

**Política Pesqueira Comunitaria (PPC)** (páx 184)


**Silvicultura** (páx 167)



# Desagrarización

**Proceso de perda constante** da importancia económica do sector primario no PIB, do emprego agrario na ocupación da poboación e das actividades agrarias, gandeiras ou forestais na xeneración de ingresos no medio rural en favor doutras actividades, como o turismo.

Este proceso é consecuencia das crises agrarias, da mecanización das tarefas agrícolas, da industrialización e a terciarización da economía, que provocaron o abandono progresivo do medio rural. Pero tamén é debido a que a sociedade e a Administración española non lle outorgan á agricultura e á gandería, á conservación dos bosques... a importancia que se merecen, co risco evidente de que, se non se manteñen, irán desaparecendo, non só as producións, senón tamén as paisaxes naturais e agrarias, os costumes e as tradicións rurais.



*Evolución do peso do sector primario no emprego e no PIB español.*



# Explotación intensiva

É aquela explotación agraria que pon en cultivo todo o solo, eliminando así o barbeito. Pretende obter a maior colleita posible, polo que recorre á produción continua do terreo, fai uso de fertilizantes químicos, do regadío artificial, da selección xenética das sementes, do cultivo baixo plástico... técnicas avanzadas que lle permiten obter altos rendementos, pero que esixen elevados investimentos.

*Agricultura intensiva e de regadío  
na horta valenciana.*




Este tipo de agricultura intensiva (moi habitual no Delta do Ebro ou no litoral levantino), especialízase, por exemplo, na horticultura, xa que as condicións naturais permiten unha produción temperá a finais de inverno e comezos de primavera, que poden exportarse a outros países europeos que non teñen as mesmas características climáticas.

# Silvicultura

Actividade do sector primario que ten por obxecto o cultivo, a conservación e o aproveitamento dos montes e bosques.

A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal destinado á produción de madeira, leña ou resinas, froitos silvestres... pero tamén pode ter un efecto positivo na protección das cuncas hidrográficas, na conservación de hábitats naturais, na prevención de incendios e pragas e no desenvolvemento de espazos recreativos ou doutros usos que pode ofrecer o monte.






# Denominación de orixe

Certificación de calidade que se outorga a algúns produtos agroalimentarios (viño, aceite, carnes, legumes, queixos...) dun determinado territorio (do que toman o nome). Emprégase para protexer legalmente esas producións contra posibles falsificacións e da oferta masiva de artigos similares que poidan saturar o mercado.

Os empresarios que se acollan á denominación de orixe, comprométense a manter a calidade o máis alta posible e a manter tamén certos procesos tradicionais na elaboración. Un consello regulador autoriza a exhibir o distintivo aos produtores da zona que cumpren as regras. A certificación de calidade facilita o acceso a mercados nacionais e internacionais.







# Agricultura ecolóxica

-A **agricultura ou a gandería ecolóxica** só fan uso de sistemas naturais para producir:


- Uso de fertilizantes orgánicos.
- Rotación de cultivos e barbeito.
- Sistemas naturais para combatir as pragas.
- Rechazo da estabulación permanente do gando e do uso de estimuladores de crecemento.
- Alimentación do gando nos pastos naturais ou con forraxes ecolóxicos.

-É un exemplo de explotación sostible da terra, que se presenta como unha das solucións para reducir os problemas medioambientais xerados pola actividade agraria.


-A superficie adicada á agricultura ecolóxica aumentou en España desde a década dos 90, as Comunidades con maior produción son Andalucía, Aragón e Extremadura.

-Os seus produtos son máis sans, pero resultan máis caros e menos duradeiros, polo que a demanda aínda é baixa e a maior parte da produción expórtase.





## EVOLUCIÓN DE LA PRODUCCIÓN AGRÍCOLA ECOLÓGICA (1991-2006)





# Política Pesqueira Comunitaria (PPC)

Conxunto de políticas e normas para o **apoio** e a **regulación da pesca e da acuicultura** nos Estados membros da Unión Europea.

Entre os seus obxectivos están:

- garantir unha renda digna para os pescadores e asegurar o subministro regular aos consumidores e á industria de transformación a prezos razoables.
- establecer normas (cotas, paros biolóxicos...) para que a pesca sexa sostible e non prexudique o medio mariño, corrixindo así o problema da sobrepesca, para o que tamén se fomenta a acuicultura.
- controlar o tamaño da frota pesqueira e impedir que medre, para axustar o seu tamaño ás posibilidades reais de pesca, ademais de aportar fondos para a súa modernización e renovación.
- negociar en nome dos países da UE con países non comunitarios para poder faenar nos seus caladoiros.



# Acuicultura













É unha actividade que forma parte do sector primario, está destinada á cría de especies animais ou vexetais acuáticas, tanto mariñas como de auga doce (mexillón, ostras, polbo, rodaballo, linguado, salmón, troitas, algas....) Proporciona alimentos e materias primas para a industria: conservas, conxelados, aceites, fariñas de pescado, fertilizantes....

Esta actividade móstrase como unha das solucións para mellorar a crise do sector pesqueiro, pois asegura o abastecemento de peixe, ao tempo que evita a sobreexplotación dos recursos.

## ► Producción de acuicultura 2017 en España

En toneladas.

Expansión, 25-8-2018

	Mejillón		273.517
	Lubina		21.269
	Trucha arco iris		17.984
	Dorada		13.643
	Rodaballo		8.546
	Corvina		1.932

Os **problemas** son, entre outros, o elevado custo das instalacións e da produción; as enfermidades dos animais e a contaminación das augas. Ademais debe enfrontarse ao rechazo por parte de certos colectivos ecoloxistas. Para **solucionar** eses problemas será necesario conceder fondos para mellorar as instalacións, aumentar a competitividade, promover a investigación de novas especies, garantir a seguridade, a sanidade e benestar dos animais, evitar a contaminación...





FUNDACIÓN  
**OESA**  
 OBSERVATORIO ESPAÑOL DE ACUICULTURA

